

ADDENDA DE PRÓRROGA DO CONVENIO ENTRE O INSTITUTO SOCIAL DE LA MARINA E A CONSELLERÍA DE SANIDADE DA XUNTA DE GALICIA NO ÁMBITO DA CESIÓN OU COMUNICACIÓN DE DATOS DE CARÁCTER PERSOAL E O ACCESO AOS SISTEMAS DE INFORMACIÓN NECESARIOS PARA A REALIZACIÓN DOS RECOÑECIMENTO MÉDICOS DE EMBARQUE MARÍTIMO

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A secretaria xeral técnica, DECLARA:

Que a Consellería de Sanidade firmou, o día 2 de setembro de 2025, co Instituto Social de la Marina o instrumento convencional arriba referido.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Prorrogar o Convenio entre o Instituto Social de la Marina e a Consellería de Sanidade da Xunta de Galicia no ámbito da cesión ou comunicación de datos de carácter persoal e o acceso aos sistemas de información necesarios para a realización dos recoñecementos médicos de embarque marítimo por catro anos adicionais, con efectos a partir do día 12 de xaneiro de 2026.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orde á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional asinado se fundamenta en que:

O convenio indicado formalizouse mediante a súa firma, quedando inscrito o 12 de xaneiro de 2022 no Rexistro Electrónico estatal de Órganos e Instrumentos de Cooperación do sector público estatal, e publicado no Boletín Oficial do Estado o 21 de xaneiro de 2022.

Na súa cláusula cuarta sobre vixencia, modificación, extinción e resolución, establécese que o convenio terá unha vixencia de catro anos e que en calquera momento antes da finalización do prazo previsto, os asinantes do Convenio poderán acordar unanimemente a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais.

O convenio veuse desenvolvendo de forma satisfactoria para as partes, e segue sendo necesario en canto ao fin polo que se asinou, e por iso que é de interese dar continuidade ao seu desenvolvemento.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e

2014/24/UE, do 26 de abril de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estimouse xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela

